



Concello de Vila de Cruces

Asunto: contestación solicitude de información parques eólicos e evacuación

Proxecto: Parques eólicos de Axóuxere, Cunca e Rodeira e infraestrutura de evacuación

Promotor: Green Capital Power, S. L.

Localización: T. M. de Vila de Cruces (Pontevedra)

Clave: 2020/0008; 2020/0011, 2020/0016 e 2020/0165

Antecedentes

O día 31.0.2021 (registro 2021/1285772) recibimos o voso escrito no que, despois de citar unha serie de artigos e normativa, solicitades copia do expediente administrativo completo correspondente as avaliacións de impacto ambiental dos parques eólicos Axóuxere, Cunca e Rodeira así como das correspondentes liñas de evacuación.

Comunicación

Vista a solicitude e normativa indicada, non se atopa nin unha soa referencia á normativa que regula o procedemento de avaliación de impacto ambiental de proxectos (Lei 21/2013, do 9 de decembro) norma que de terse revisada, e coñecido o procedemento, tería un aproximado coñecemento de que é e como se tramita e sen necesidade de acudir a normativa citada, ademais de quen pode dar resposta a súa solicitude e en que momento.

En primeiro lugar indicar que ningún destes parques eólicos e a infraestrutura de evacuación conxunta ten iniciada tramitación ambiental; na liña de evacuación e en dous parques eólicos realizáronse as actuacións opcionais e previas previstas no artigo 34 consistentes en consultas as Administracións públicas afectadas e persoas interesadas co fin de ter criterios e elementos que faciliten a elaboración do estudo de impacto ambiental. Estas consultas, opcionais, non forman parte do trámite ambiental, foron trasladadas a ese Concello e emitiron as correspondentes respostas. No caso do outro proxecto, nestes momentos, atopase no trámite de información pública, que non é realizado por este órgano ambiental, como pode consultar no DOG nº 62 do pasado 05.04.2021.

En segundo lugar indicar que a avaliación de impacto ambiental é un trámite dentro do procedemento de autorización que despois de ter en conta o previsto nos artigos 36 e seguintes da Ley 21/2013, finaliza coa emisión da Declaración de Impacto Ambiental prevista no artigo 41 que é pública.

A vista do anterior, queda patente que ningún destes expedientes se atopan en trámite ambiental. Ese concello dispón da correspondente documentación previa ao trámite ambiental e a correspondente ao expediente que se atopa en trámite de información pública, polo que nin é posible proporcionar algo que, no caso solicitado, nin existe nin tampouco lle corresponde ao órgano ambiental, máxime cando os pronunciamentos do órgano ambiental son públicos a través do DOG.

Polo tanto, unha solicitude de documentación, sexa da natureza que sexa, e relativa a calquera proxecto terá que ser solicitada, sempre, ao órgano substantivo e non ao órgano ambiental.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Manuel Díaz Cano

Xefe do servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

(Asinado electronicamente)

